

INFORME TÉCNICO

ANÁLISE DO SOBRE A DO EXPEDIENTE 2020/C004/000008

CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E SUBMINISTRO: ESPAZO DE INTERCAMBIO DE OBXECTOS E UTENSILIOS EN PUNTOS LIMPOS DO CONSORCIO ASMARIÑAS

LOTE 3: Deseño de contidos e desenvolvemento da aplicación web, aloxamento web, cota 4G, dominio .com e .es.

1. ANTECEDENTES

No seguinte informe recóllese a análise das propostas técnicas das empresas 6TEMS (en adiante 6TEMS), ATLANTIDA (en adiante Atlantida), CEDESA DIGITAL S.L. (en adiante Cedesas) e ECOCOMPUTER S.L.(en adiante Ecocomputer) e a súa conformidade cos Pregos que rexen a contratación do Lote 3: "Deseño de contidos e desenvolvemento da aplicación web, aloxamento web, cota 4G, dominio .com e .es." do Espazo de intercambio de obxectos e utensilios en puntos limpos do Consorcio As Mariñas.

A continuación analízanse os aspectos recollidos nos pregos e a adaptación feita polas empresas.

2. CONTIDOS VALORADOS

2.1 Adecuación da solución técnica proposta (Criterio de adxudicación: 5 puntos)

Valoráronse dacordo aos requirimentos mínimos solicitados, respecto a deseño responsive, accesibilidade, compatible cos principais navegadores, xestión de usuarios e autenticación.

- 6TEMS → 5 puntos (non indican nada respecto ao período de garantía).
- Atlantida → 0 puntos. Non indica se o seu produto cumpre os requirimentos mínimos (non indican nada respecto ao período de garantía).
- Cedesas → 5 puntos(non indican nada respecto ao período de garantía).
- Ecocomputer → 5 puntos(non indican nada respecto ao período de garantía).

2.2 Metodoloxía de traballo (Criterio de adxudicación: 5 puntos)

Valorouse que a metodoloxía de traballo solicitada permita garantir o desenvolvemento do proxecto, cun proceso de análise, deseño, desenvolvemento e probas.

- 6TEMS → 5 puntos.
- Atlantida → 2 puntos
- Cedesas → 4,5 puntos.
- Ecocomputer → 5 puntos.

2.3 Cronograma (Criterio de adxudicación: 5 puntos)

Valorouse a presentación do mesmo dacordo ao tempo do que se dispón para o execución do proxecto.

- 6TEMS → 5 puntos. Unha vez solicitada a aclaración respecto do cronograma.
- Atlantida → 0 puntos. Non presenta cronograma.
- Cedesas → 5 puntos.
- Ecocomputer → 5 puntos.

2.4 Equipo de traballo (Criterio de adxudicación: 5 puntos)

Valoráronse os recursos humanos empregados no proxecto, no sentido de que haxa persoal que respalde o proxecto.

- 6TEMS → 5 puntos.
- Atlantida → 0 puntos. Non presenta o equipo de traballo
- Cedesa → 5 puntos.
- Ecocomputer → 5 puntos.

2.5 Tecnoloxías utilizadas (Criterio de adxudicación: 5 puntos)

Valorouse o emprego de tecnoloxías coñecidas, así como que permitan a escalabilidade e actualización.

- 6TEMS → 5 puntos.
- Atlantida → 0 puntos. Non presenta as tecnoloxías que van a empregar.
- Cedesa → 5 puntos.
- Ecocomputer → 5 puntos.

Á vista das Memorias Técnicas presentadas a puntuación proposta, sobre un máximo de 25 puntos, é a seguinte:

	Adecuación da solución técnica proposta	Metodoloxía de traballo	Cronograma	Equipo traballo	Tecnoloxías utilizadas	TOTAL PUNTOS
6TEMS	5	5	5	5	5	25
Atlantida	0	2	0	0	0	2
Cedesa	5	4,5	5	5	5	24,5
Ecocomputer	5	5	5	5	5	25

Todo o exposto é o que debo de informar ao respecto.

En Bergondo, na data de sinatura dixital que consta no documento.

Ana Belén Marras Mosquera
Técnica Informática
Consortio As Mariñas